

RUDESINDUS

“San Rosendo. O seu tempo e o seu legado”

Congreso Internacional
Mondoñedo, Santo Tirso (Portugal) e Celanova
27-30 de xuño, 2007



XUNTA DE GALICIA

Catro exemplos de fortificacións altomedievais galegas do século X: *Castellum de Aranga, Castellum Minei, Castellum Berreti e Castellum de Cifofacta*

Carlos Andrés González Paz¹

A Galicia do século X foi unha terra de *villae*, de igrexas e mosteiros pero tamén de castelos pois, aínda que é certo que os seus poboadores debían ter un lugar no que habitar e traballar e un lugar no que orar ou no que orasen por eles, tamén o é que precisaban de construcións nas que resgardarse no caso de perigo ou nas que se establecesen aqueles cuxa función social era precisamente a de protexelos das distintas ameazas, fosen estas de natureza interna ou externa, fundamentalmente neste momento normanda ou musulmá. Esta comunicación ten por obxecto presentar catro exemplos –un por cada unha das provincias galegas– de fortificacións altomedievais presentes no territorio galego á altura do século X, é dicir, coincidentes no tempo e, nalgún casos, no espazo, co decorrer vital e histórico de san Rosendo.

Non se trata de casos escollidos de xeito aleatorio senón que a súa selección se baseou na concorrencia dunha serie de factores, como a presenza dunha base documental que situase a fortificación como existente no século X; a conservación de testemuños materiais que facilitasen certo coñecemento da súa estrutura construtiva e defensiva ou a inexistencia documentada –aínda que nalgún caso probable– dunha ocupación material anterior, o que permitirá, cando menos en tres dos catro casos, presentar estas fortificacións como construcións plenamente altomedievais.

En canto á metodoloxía empregada e partindo do anterior, esforzámonos por desenvolver –tendo en conta sempre as limitacións que impón a propia natureza dunha comunicación– un método centrado en criterios complementarios que orientasen a nosa investigación: por un lado, partir do documento escrito para chegar despois ao rexistro arqueolóxico e, á inversa, aproveitar o arqueolóxico na procura do coñecemento histórico.

Castellum de Aranga

Atópase esta fortificación no concello coruñés de Aranga, ao sur-surlleste da freguesía de San Paio de Aranga, no interfluvio conformado polos ríos Cambás e Mandeo, nun

outeiro de inmejorables condicións de defensa natural –o desnivel, desde o alto da fortaleza ata o curso dos ríos é de 50 metros–, elemento este de grande importancia á hora do deseño dun sistema defensivo que, fundamentalmente aínda que non só, se basea no aproveitamento e adaptación da construción á configuración xeomorfolóxica do terreo, feito que determina a presenza en Aranga dunha planta bastante irregular.

Accédese á fortificación a través dun estreito e escarpado paso situado ao norte, que percorre o cumo do outeiro sobre o que se asenta a fortificación. Esta crista está formada polo afloramento natural de grandes laxes de pedra de lousa que xa de por si dificultan o acceso. Non obstante, a defensa reforzouse de xeito artificial cortando a rocha a pico para conformar dous foxos: o primeiro localízase case ao inicio da crista –a uns centímetros da porta principal– e o segundo –que se atopa a uns doce metros da mencionada entrada– antecede a un terraplén terreiro que, a súa vez, pecha un pequeno espazo que se abre ante a porta. Dende alí dábase paso –a través dun chanzo escavado directamente na rocha– a unha pequena terraza onde se atopaba a entrada principal –cuxo van mide 1,10 metros de ancho–; á súa esquerda consérvanse os restos dun muro realizado en cachotería e, á dereita e aparentemente sobre ela, dúas seteiras das que informa Luengo Martínez pero que, hoxe en día, non puideron ser localizadas².

O recinto interior presenta unha planta lixeiramente ovalada dentro da irregularidade mencionada, cunhas medidas máximas de 39 metros de longo no eixe maior e de 10 metros no eixe menor, construída –probablemente debido á configuración do terreo– en dúas alturas comunicadas a través dunha escaleira de cinco chanzos escavados na rocha. No espazo superior –duns seis metros de diámetro– puido existir unha torre –que quizais albergou a porta³– desde a que se defendía a entrada e se daba paso ao corpo inferior –o de maior tamaño– a través das escaleiras mencionadas; poden corresponder a esta torre tanto os restos do muro como as seteiras referidas. Ese nivel inferior –que probablemente se atopaba circundado por unha grosa muralla de cachotería construída directamente sobre a rocha cortada a pico e da que aínda se conservan restos de parte de dous lenzos– probablemente foi o destinado a zona residencial. Nel atopáronse abundantes restos materiais: cerámica medieval moi rodada, ladrillos, tellas e incluso unha punta de lanza⁴. Tendo en conta estes restos, Luengo data esta obra entre finais do século X e comezos do século XII⁵.

O primeiro testemuño documental que conservamos acerca desta fortificación –“terminus post quem”– lévanos ao 10 de decembro de 966, cando o bispo Sisnando II de Iria –curmán e opositor de san Rosendo– acompañado do seu irmán Rodrigo e da esposa deste –Elvira– realizan unha cuantiosa doazón a favor do mosteiro de San Salvador de Sobrado dos Monxes, incluíndose o “nostro castello de Aranga cum omne sua prestantia”⁶, é dicir, o prelado de Iria fai disposición desta fortificación aínda que non sabemos se é unha propiedade persoal –quizais adquirida froito da herdanza familiar– ou se, pola contra, se trata dun ben episcopal do que Sisnando Menéndez dispón libremente como titular da cátedra iriense nun momento no que aínda é difícil discernir os límites entre ambos os dous patrimonios.

Pouco tempo máis tarde, concretamente o 1 de xullo de 995 o tamén bispo iriense Pedro –San Pedro de Mezonzo– restaura o mosteiro coruñés de Santa Baia de Curtis que fundara o seu antepasado Placencio. Entre os bens que doa, aludidos na devandita restauración menciónase a igrexa de “Sancto Uincentio de Naimaia” da que se indica que se atopa “iuxta castellum de Aranga” e, así mesmo, igrexa e castelo atopábanse englobados dentro dunha mesma superestrutura territorial e organizativa –o “territorio Plutius”– que se podería corresponder, aproximadamente, co compostelán arci-prestado de Pruzos⁷.

Esta fortificación seguirá o seu particular periplo histórico durante os séculos medios. No século XII atopámonos con que ademais da constancia documental da presenza desta fortificación⁸, podemos testemuñar a existencia dun mosteiro⁹ –co seu correspondente couto– e dunha xurisdición de Aranga que –igual que a fortificación– aparece vinculada ao grupo magnaticio dos Traba¹⁰ ou a membros de liñaxes próximas¹¹.

A continuidade desta fortificación pódese rastrexar documentalmentemente ata a segunda metade do século XV. No coñecido preito *Tavera-Fonseca* menciónase que foi derrubada durante a revolta irmandiña –1466/1469– debido a que se tiña convertido nun niño de malfeitores e, ante o tema da propiedade, as testemuñas discrepan: uns indican que pertencía á liñaxe dos Vilarullo¹², e outros, ao conde de Monterrei¹³.

A localización, a súa configuración e as súas medidas estannos a falar dunha fortificación medieval –e non dun asentamento castrexo ou galaicorromano– existente xa no século X pero que subsistiu no tempo mantendo a súa funcionalidade.

Ao se tratar dunha fortificación que permaneceu activa durante case cinco séculos, resulta moi complicado ofrecer unha imaxe do seu esquema construtivo orixinal. Con todo, o aproveitamento do carácter defensivo natural do lugar, a súa visibilidade, a súa altura relativa respecto do medio que a rodea, e as súas características morfolóxicas –adaptación e aproveitamento construtivo da orografía do terreo–, a súa coincidencia cronolóxica e a súa similitude organizativa, convértena nunha fortificación análoga a un conxunto que, para o espazo leonés, Gutiérrez González cualifica como “recintos fortificados terreiros”¹⁴. Estaríamos entón, probablemente, ante unha construción orixinaria caracterizada por tratarse dun outeiro rochoso illado mediante un conxunto de foxos transversais, coa cima rodeada cunha cerca ou muro de cachotería de pedra local, cunha soa porta de entrada disposta en sentido transversal á dirección do acceso, protexida por unha torre. Posiblemente posuía algún tipo de construción interior –de natureza habitacional, permanente ou non– cuxas estruturas puideron estar realizadas con materiais preceiduros aínda que –debido á súa abundancia– probablemente se atopaban cubertas de tella curva, e nas que se utilizaría o ladrillo en elementos moi puntuais xa que o número de testemuños deste material que se atoparon é pouco significativo.

No tocante á súa funcionalidade, esta fortificación –basicamente e nun primeiro momento– debía axustarse a unha finalidade estritamente militar, constituíndose como o acuartelamento dun reducido número de tropas ou, o que é máis probable, a súa propia configuración e as súas reducidas dimensións estannos a falar dunha construción na que primaba unha defensa pasiva, unha construción na que probablemente os habitantes das proximidades –ante a presenza dun perigo– podían atopar refuxio no seu interior, resistindo dentro dos seus muros ata a partida do inimigo ou a chegada de axuda.

Como sinalamos, este esquema parece transformarse ao longo da Plena Idade Media e esta impresión aséntase en dous elementos especialmente significativos: que no século XII se cualifique esta fortificación coma *turrem Aranga* e que na documentación comecen a atoparse referencias á xurisdición –directas ou a través de mencións de tenentes– de Aranga¹⁵. É posible –pódese observar noutras fortificacións tipoloxicamente similares¹⁶– que corresponda con este momento a construción da torre-porta de entrada referida. A citada edificación serviría non só como mellora e complemento do sistema defensivo senón como residencia privilexiada e simbólica do titular –ou do delegado– da devandita circunscrición territorial.

A estas funcións militares, xurisdicionais e habitacionais, pódeseles sumar unha nova vinculada co control militar –e probablemente tamén fiscal– da importante rede viaria, cuxo paso se documenta desde antigo na zona. Coñécese así que un camiño procedente da zona de Aranga posuía dous ramais: o primeiro ía cara a Teixeira, onde enlazaba co camiño, con probable orixe romana, que unía a ría de Betanzos con Lugo e, o segundo, baixaba tamén cara a Teixeira, e, pasando por Goxá, Portocelo, Santa María de Foxado, Grixalba e Dombrete, continuaba en dirección ao mosteiro de San Salvador de Sobrado dos Monxes¹⁷.

Castellum Minei

Atópase esta fortificación no lugar da Pena do Castelo –tamén coñecida como O Castro–, aproximadamente a un quilómetro de distancia do lugar de Marce, na parroquia de Santiago de Vilar de Ortelle –concello lucense de Pantón–, nun outeiro que conta cunhas excelentes defensas naturais formadas por fortes cantís practicamente verticais que polo norte, o sur e o oeste caen en picado sobre o río Miño.

O acceso á fortificación realizase desde o leste a través dun paso que se ve entorpecido artificialmente coa apertura dun foxo –probablemente anular– cortado a pico na rocha e coa factura dun muro de cachotería que descoñecemos se circundaba o conxunto.

Nunha primeira área encontramos os restos dos muros –tamén de cachotería– da que podemos identificar como antiga capela de San Martiño, e nunha segunda área, máis elevada, atópanse os restos da fortificación propiamente dita. Entre este segundo espazo e o anterior media un treito de pendente que é o único acceso practicable para o cume.

Na parte superior do afloramento rochoso existe un recinto practicamente ovalado, cuxas medidas aproximadas son uns 20 metros no eixe maior e uns 15 no eixe menor. En toda a área pódese observar como os afloramentos naturais de granito están cortados para conseguir superficies máis planas e niveladas, preparadas para construír e edificar sobre elas. Así mesmo, conséntase a presenza de rebaixes na rocha base para o asentamento de estruturas e documéntase a existencia de cascallos, entre os que se atopa abundante cachotería, fragmentos de tella curva e cerámica común medieval moi rodada¹⁸.

A primeira mención documental –tamén *terminus post quem*– relativa á existencia desta fortificación lévanos ao século IX, concretamente, a unha doazón do rei Afonso II á sé episcopal lucense datada o 1 de xaneiro de 841, onde aparece xenericamente referida baixo a denominación de *castrum*¹⁹. O mencionado monarca fai entrega do lugar de Vilar, onde se fundara a igrexa de Santa María e San Mamede, limitada pola vía que, pasando por Santiago e San Vicente de Castellón, se dirixía á *Villa Evolat*²⁰ –no lugar de Ortelle– e, desde alí, por un rego – neste caso o rego da Aguianza–, ata o referido *castrum* do que tamén fai integra entrega²¹.

Nas súas proximidades construíuse unha capela dedicada a san Martiño, cuxos restos aínda se poden apreciar nunha pequena terraza anterior ao núcleo da propia fortificación. A noticia documental máis antiga sobre esta pequena igrexa data do ano 842. Concretamente faise mención dela nunha doazón que o 25 de xaneiro dese ano realiza o abade Astrulfo e na que se refire á fundación do mosteiro de Santa María de Barrado e doutras igrexas durante o reinado de Afonso II: “Et Ecclesiam Sancti Martini quae ibi sita erat ex more antiquo, et fundavit Ecclesiam Sancti Martini in Villas antiquas super ripam Minei”²².

A finais da novena centuria aparecen vinculadas ambas as dúas construcións. O 30 de xuño de 897, na confirmación dunha serie de doazóns que realiza Afonso III a favor da Igrexa de Lugo, atopámonos *in terra de Lemos* varias propiedades entre as que se menciona a “Ecclesiam S. Martini cum ipso Castro”²³.

Finalmente no século X encontramos esta fortificación individualizada na documentación. Así o 5 de setembro de 998 –nunha listaxe de bens pertencentes á diocese



En primeiro termo localización do *Castellum Minei*. Da outra beira do río Miño, os terreos do Castelo de Gravulio

lucense— aparece citado o “Castro de Mineo”²⁴ e, unha centuria máis tarde, aparecen xa varios testemuños onde se reflicte a denominación que conservará ata, cando menos, o século XII: como “Castello Ripa Minei” atopámoia nunha addenda que realiza o rei Afonso VII ao privilexio fundacional do mosteiro de San Paio de Antealtares o 25 de maio de 1135²⁵, ou como “Castellum Minei” aparece referida na última mención documental cofecida acerca desta fortificación e que nos leva ao 13 de decembro de 1164²⁶.

Probablemente esta fortificación foi abandonada un pouco máis tarde, tras a construción da torre de Marce—situada a un quilómetro de distancia— nunha posición máis elevada e cunhas moito mellores condicións espaciais de habitabilidade, constatándose aínda hoxe nela unha clara funcionalidade residencial, algo que non se puido documentar no caso do *Castellum Minei*.

Trátase esta dunha fortificación altomedieval, sen que sexa posible rexistrar nela resto ningún de ocupación premedieval, aínda que, iso si, non é posible—material e actualmente— negala sen a realización da correspondente escavación arqueolóxica.

A sinxeleza do seu esquema construtivo e defensivo vén determinada pola súa localización, que lle outorga, por outra parte, unhas excelentes condicións defensivas naturais. Polo que se refire á súa funcionalidade, nesta ocasión é complicado vinculala unicamente cunha finalidade estritamente militar, ou relacionala cun uso residencial—sobre todo polas súas reducidas dimensións—ou coa organización territorial-xurisdiccional, aínda que certamente nos seus arredores atopamos poboacións como a do Pedregal²⁷ e a xa mencionada “Uilla Marci”. A súa estratéxica situación sobre unha importante vía que supoñía a comunicación das dúas beiras do río Miño—desde as terras do Saviñao-Pantón ás de Chantada— a través dun porto fluvial—o porto de Chouzán—, parece facer primar nela unha función relacionada co control, defensa e mesmo explotación fiscal—referímonos ao cobro de rendas como o portádego— desta rede viaria²⁸.

Castellum Berreti

Esta fortificación atópase no cume dun pico rochoso que se alza en solitario, setecentos metros ao surlleste do lugar de Berredo, na freguesía de San Miguel de Berredo—concello ourensán da Bola— entre o río do Porto, que



Castellum Berreti

transcorre ao nordeste, e o regueiro do Porto, que pasa polo lado oeste, a uns sete quilómetros—en liña recta— do mosteiro de San Salvador de Celanova, a principal—senón a única— fundación monástica de san Rosendo.

O cume, lixeiramente amesetado, atópase a 753 metros de altitude e presenta una planta aplanada e irregular—aínda que con certa tendencia ovalada— cuns 80 metros de lonxitude no eixe norte-sur e uns 30 metros no eixe leste-oeste. O lugar está defendido de forma natural polas acusadas pendentes que circundan o pico, sendo a zona máis accesible a do surlleste, onde o desnivel é menor.

Rodea o perímetro do recinto un cercado que hoxe se atopa cuberto de terra e cascallos, pero que orixinaríamente puido ter sido unha muralla pétreo, xa que polas ladeiras abunda a cachotería de granito e, no lado leste e bordo, hai unha serie de afloramentos da rocha natural nos que se pode apreciar a presenza de cazoletas e rebaixas que puideron facerse para apoio da muralla. No resto do perímetro, a muralla asentárase sobre un terraplén artificial de pedra que polo mencionado lado leste chega a alcanzar os cinco metros de altura.

No extremo oeste do recinto—ao redor doutro afloramento da rocha natural— amoréase unha importante cantidade de cascotes de terra mesturada con cachotería pétreo. Estes cascallos conforman unha pequena elevación duns cinco metros de diámetro que podería corresponderse cos restos do derrubamento dunha torre—non sabemos se de orixe altomedieval— que se cimentaría directamente na rocha, na que tamén se observan abundantes rebaixas artificiais. A devandita rocha e cas-

callos elévanse sobre unha zona en rampla –probablemente o antigo acceso–; así, a torre convértese nun elemento de control e protección.

Sobre as orixes desta fortificación a *Vida y milagros de San Rosendo* sinala que se construíu por iniciativa do rei Afonso Henriques, quen ordenou “edificar con buenos sillares el castillo de Birreto, dentro del coto de Celanova” e que lle entregou a súa tenza a un conde Velasco –probablemente o conde portugués Vasco Sánchez de Barbosa–, que o delegou en mans dun meiriño chamado Afonso Bos. Pouco máis tarde, cando a presión dos tenentes desta fortificación –ou dos seus delegados– sobre os bens celanoveses chegara a un extremo insupportable, o abade Pelaio II (1165-1183) abandonaría o mosteiro e acudiría ante o rei Fernando II quen lle entregaría o mosteiro de San Xulián de Samos²⁹.

Deixando a un lado a narración do monxe Ordoño de Celanova, o certo é que a primeira nova que posuímos acerca da existencia desta fortificación remóntase a finais do 999 –“terminus post quem”–, o 20 de decembro dese ano o monxe Gaudinas Albarín dóalle ao mosteiro de San Salvador de Celanova as súas propiedades de Albarín –“territorio Arnogie subtus castro Berreto villa que vocitant Alvarini inter termino de Sancta Eulalia”³⁰–. Só dous anos máis tarde volvemos atopar noticias acerca desta fortificación. Así, o 26 de febreiro de 1001 Matrona vendeulle ao monxe Munio varias terras en Seixomil coa indicación de que se atopaban “subtus castro Berreto discurrente rivulo Mauregati”³¹.

Como nalgún caso anterior, as noticias relativas a esta fortificación –e á súa correspondente xurisdición– perduran no tempo ata o século XV³².

Certamente esta fortificación presenta algunhas peculiaridades que a distinguen das anteriores. As dimensións –sobre todo a lonxitude do eixe maior– e a súa configuración poderían estar indicándonos a preexistencia dun asentamento castrexo premedieval –feito este que na simple prospección, dificultada en ocasións pola presenza de abundante mato, non se puido comprobar³³– que podería ter sido aproveitada –na súa totalidade ou en parte– para a realización da fortificación altomedieval.

Polo que se refire á súa funcionalidade, esta, aínda que parece variar co paso do tempo, amosa unha significativa polivalencia. En primeiro lugar podemos aceptar, sobre todo outra vez polas súas dimensións, unha fun-

cionalidade militar –posiblemente de defensa pasiva da poboación– á que se sumaría, probablemente de xeito coetáneo, unha finalidade de control da rede viaria³⁴: nas súas inmediacións pasaban dúas vías, e unha delas no ano 1045 era coñecida como *vereda maiore*³⁵, e a outra, á altura do ano 1063, aparece significativamente definida como *vereda antiqua*³⁶.

As anteriores sumariáselles –aínda que probablemente nun momento posterior– unha función xurisdiccional. Presumimos que é posterior debido ao feito de que no ano 1041 esta fortificación aínda se inscribe dentro do *territorio Sorice*³⁷, conformado fundamentalmente polo val do río Sorga, afluente do Arnoia. A partir do ano 1063 comeza a intuírse a formación dun espazo territorial que parece situarse ao redor do *kastrum de Bisredo* e que toma como denominación xenérica e integradora o topónimo da fortificación³⁸. Isto, que na segunda metade do século XI só se intúe, adquirirá lentamente carta de natureza, rematando por perfeccionarse finalmente no século XV cando non existen dúbidas acerca da existencia dun “coto de Berredo”³⁹.

Así mesmo, e xa dende un momento relativamente cedo –concretamente no século XI– atopamos a fortificación de Berredo convertida nun fito na delimitación do coto do mosteiro de San Salvador de Celanova, cando menos nos reinados de Vermudo III⁴⁰ e Fernando I⁴¹.

Por último e tendo en conta a citada narración de Ordoño de Celanova, tamén se lle podería supoñer certa natureza habitacional, sobre todo vinculada ao posuidor –ou ao delegado– da súa tenza.

Castellum de Citofacta

Atópase esta fortificación no Monte Castelo, preto do lugar de Casaldourado, na freguesía de San Salvador do Lérez, no concello de Pontevedra. Trátase dun outeiro de forma troncocónica –lixeramente amesetado no seu cume– que destaca amplamente sobre a marxe dereita do val formado polo río Lérez, xa preto da súa desembocadura na cidade de Pontevedra.

O padre Sarmiento, na súa viaxe a Galicia de 1745, narra como subiu ata esta fortificación e non refire máis que a existencia dunha serie de rebaixes practicados directamente sobre o penedo para o asentamento dunha porta, quizais a principal⁴².

O cumo do pico –aplanado e irregular– sitúase a 187 metros de altitude e a uns douscentos metros ao norte do lugar de Casaldourado. O núcleo fortificado presenta unha planta irregular, con tendencia ovalada, e ten uns 50 metros no eixe leste-oeste e uns 25 metros no eixe norte-sur. Na zona superior obsérvase a presenza dun afloramento rochoso no que se aprecian rebaixes na rocha para o asentamento de estruturas. Rodeando esta cúspide atópanse varias liñas de escarpas e noiros con abundante entullado –entre o que hai cachotería, cerámica común medieval e tella curva– e vexetación que deforman o seu aspecto orixinario. As ladeiras que envolven todo o conxunto presentan algúns indicios de ocupación –por exemplo un taboleiro de xogo tipo “alquerque”⁴³– e no mencionado lugar de Casaldourado obsérvase como se aproveitaron unha serie de materiais de construción procedentes do derrubamento da fortificación. Con todo e desgraciadamente, a intensa actividade antrópica sobre o terreo –traballos agrícolas, repoboacións forestais– e a utilización dos restos da construción como canteira, provocou que sexan moi poucos máis os testemuños materiais observables durante a prospección do *Castellum de Citofacta*.

A primeira referencia documental conservada sobre a existencia desta fortificación remóntase ao reinado de Ordoño II. No ano 916 este monarca e a súa esposa –a raíña Elvira– dotan de couro o mosteiro de San Salvador de Léz e entre os seus límites menciónase unha “*petram scriptam*” –probablemente un marco– “*quae est in muro de Citofacta*”. Ademais sinala o mencionado Ordoño II que o devandito mosteiro foi “*fundatum in terra Saliniensi subtus castellum quod ab antiquis temporibus Citofacta nuncupatur, discurrente fluvio Lerfelz, sub Iriensi dioecesi*”⁴⁴.

A mediados desa décima centuria consta a existencia de obras –de ampliación ou de reconstrución– nesta fortificación durante, concretamente, o episcopado de Sisnando II de Iria –“*et illa pena per se Citofacta fuit edificata per iussionem pontificis domni Sisnandi in ipsius dicitur desuper exaratum*”–, feito este que se suma á confirmación á Igrexa iriense da posesión dunha serie de “*villae*” que “*sunt in giro Citofacta*”⁴⁵. Todo isto menciónase na “*exquisitio magna*” outorgada o 30 de marzo de 1019, pola que o rei Afonso V confirma todas as millas, condados e posesións que os seus predecesores lle tiñan doado á sé apostólica compostelá.

Como nos casos anteriores, as novas desta fortificación continúan aparecendo ao longo da Idade Media⁴⁶,

alcanzando mesmo o século XV; no período comprendido entre 1480 e 1481 e por orde de Fernando de Acuña –gobernador e xustiza maior do reino de Galicia– procédese ao seu derrubamento, nun momento no que se atopaba baixo do control do conde de Camiña, Pedro Álvarez de Soutomaior⁴⁷.

Aínda que sería preciso levar a cabo escavacións arqueolóxicas para confirmalo, a localización, a súa configuración e as súas medidas estannos a falar dunha fortificación medieval –e non un asentamento castrexo ou galaico-romano, aínda que non se pode negar rotundamente algún tipo de ocupación antiga– que, coma nos casos anteriores, amosa unha polivalencia no que á súa funcionalidade se refire.

En primeiro lugar hai que supoñer a existencia dunha finalidade eminentemente militar relacionada directamente coa defensa da cidade de Pontevedra, de cuxo centro se atopa a pouco máis de tres quilómetros en liña recta.

Vinculada coa anterior, podemos presumir unha función de control viario –quizais tamén fiscal– en relación co importante eixe de comunicacións atlántico que é xa daquela o camiño que enlaza a “*raia húmida*” coa cidade de Santiago de Compostela; tras a súa chegada á vila de Pontevedra –e sempre en dirección norte– cruzaba o río Léz e, dende alí, ía cara ao mosteiro de San Salvador de Léz –situado na confluencia da mencionada corrente fluvial co río Alba– e, tras pasar a carón do *Castellum de Citofacta*, continuaba por Santa María de Alba en dirección a Arcos da Condesa, Caldas de Reis, Pontecesures, Padrón/Iria para chegar, finalmente, ao núcleo compostelán⁴⁸.

Esta fortificación tamén parece desenvolver certa función xurisdiccional, como epicentro territorial dun determinado espazo cuxa extensión actualmente descoñecemos e cuxa primeira nova nos leva a 1171: o 8 de xullo deste ano o rei Fernando II dóalle á Igrexa de Santiago o “*castellum de Luparia cum toto suo honore videlicet quomodo diuidit cum Citofacta et cum sancta María de Lanzada et ex alia parte cum honore castelli de Honesto e inde quomodo diuidit cum Caldas de Cunctis*”⁴⁹. Esta xurisdicción de Cedofeita semella irse igualmente perfeccionando ao longo dos séculos posteriores, especialmente entre os séculos XIII⁵⁰ e XV⁵¹.

Ata aquí e de xeito resumido presentamos catro exemplos de fortificacións altomedievais existentes no século X, mais tendo que considerar esta data como *terminus*

post quem. Realizadas *ex novo* ou, quizás no caso de Berredo, sobre un antigo asentamento castrexo premedieval, cada unha das fortificacións mencionadas presenta unha serie de características que as individualiza e outras que se nos amosan como comúns. Interésannos, ante todo, estas últimas que presentamos deseguido:

- A mencionada orixe altomedieval.
- A súa localización en altos e escarpados outeiros, cuíñas ou picos rochosos con boas defensas naturais, gran visibilidade e dominio sobre vales, ríos e, sobre todo, vías de comunicación.
- Adaptación morfolóxica da construción ás condicións naturais dun terreo que proporciona abundante materia prima construtiva.
- Estruturas construtivas de sinxela factura, primando o aparello irregular formado por cachotería de pedra local colocada en seco, pouco desbastada pero, en ocasións, careando lixeiramente as pezas.
- Estruturas defensivas igualmente sinxelas nas que priman –xunto ás defensas naturais– foxos, terrapléns e murallas terreiras ou pétreas.
- Polivalencia funcional. Xunto á funcionalidade estritamente militar –fundamentalmente defensiva–, estas fortificacións parecen ir asumindo novas funcións que se van sumando á anterior –control e defensa da rede viaria, control fiscal das vías de comunicación–. A partir do período comprendido entre os séculos XI e XII parecen rodearse dunha funcionalidade xurisdiccional, chegando a converterse no epicentro de cadansúa circunscrición administrativo-gobernativas. Así mesmo, documéntase unha función residencial que non podemos determinar se se atopaba xa presente nos primeiros momentos ou se, pola contra, vai xurdindo gradualmente e se perfecciona coa súa conversión en centros territoriais.
- Nos casos en que se poden apreciar a nivel superficial e prospectivo estruturas visibles, estas parecen responder tanto a momentos construtivos como a finalidades alto e plenomedievais, podendo asociarse tanto ao momento da súa construción como a unha posible reconstrución/ampliación ou refortificación nos séculos centrais da Idade Media, cando parecen asumir parte das atribucións anteriormente mencionadas.

- Subsistencia material –tamén en moitos dos casos funcional– ata ben avanzado o medievo.

Esta serie de elementos preséntase aquí sen ningunha intención tipolóxica, só coa pretensión de se converter nun elemento de comparación para futuros xacementos que compartan con estes, cando menos, a súa cronoloxía. Antes de tentar propoñer unha tipoloxía é moito o que queda por descubrir, estudar e analizar acerca da realidade documental e material –en definitiva, histórica– das fortificacións altomedievais galegas, aquelas que compartiron a paisaxe e o momento histórico con igrexas, mosteiros e *villae* e que desempeñaron, como calquera dos elementos mencionados, un labor significativo na organización e construción da realidade territorial e histórica galega.

Os catro exemplos que aquí presentamos son mostra desa realidade que polo de agora segue a ser grandemente descoñecida. O seu estudo –necesariamente multidisciplinario– terá que relacionar estas fortificacións con outros fitos ou acontecementos históricos coetáneos; así o *Castellum de Aranga* hai que vinculalo necesariamente con Sisnando II de Iria e este non pode deixar de relacionarse con san Rosendo e coas loitas por converterse no verdadeiro home forte da monarquía leonesa en Galicia durante parte do convulso século X; o *Castellum Minei* pódese vincular con Diego Xelmírez, primeiro arcebispo compostelán, cuxa importancia dentro da historia do medievo galego é sen dúbida comparable á de san Rosendo; o *Castellum Berreti* atopábase a moi poucos quilómetros do lugar de Vilar –máis tarde coñecido como Celanova– no que san Rosendo levou a cabo a súa fundación máis importante: o mosteiro de San Salvador e, finalmente, o *Castellum de Citofacta*, que tiña como misión última a de gardar e protexer unha importante vía de comunicación cuxa especial relevancia virá dada coa súa conversión na principal ruta portuguesa de peregrinación a Compostela.

Notas

1. Bolseiro da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Convocatoria de Europa, 2007.
2. LUENGO MARTÍNEZ, J.M. "Exploraciones en el castillo de Aranga (La Coruña)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. V, fasc. XV (1950), p. 26.
3. Sobre as torres-porta pode consultarse MORA FIGUEROA, L. de, *Glosario de arquitectura defensiva medieval*, 2ª edic., Cádiz, 1996.
4. LUENGO MARTÍNEZ, J.M., "Exploraciones en el castillo de Aranga...", *op. cit.*, p. 27-30.

5. *Idem*, p. 30.
 6. LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P., *Tumbos del monasterio de Sobrado de las Monjes*. Madrid, 1976, t. I, doc. 6, p. 36.
 7. *Ibid.*, doc. 137, p. 180.
 8. O 11 de novembro de 1164 Pelaijo Díaz dóalle ao mosteiro de Sobrado dos Monxe un vilar "in terminis Supperadi. territorio Aranga, discurrente fluuiio Mandeo, et haber iacentia ipsa hereditas inter ponte que uocant Ambasmestas et turrem Aranga loco predicto ubi uocitant Heerosa", *Ibid.*, doc. 159, p. 200-201.
 9. O 11 de abril de 1165 Suero Menéndez dóalle ao mosteiro de Sobrado "in monasterio de Aranga totum quod adquisiuit ibi auus meus domnus Rodericus Froyle cum tota uoce ipsius loci per totas partes ubi uadit uox de Aranga". *Ibid.*, doc. 601, p. 521.
 10. O 25 de decembro de 1157 menciónase o "Comes domnus Gondisaluuus senior in Traua et in Aranga" e o 20 de setembro de 1161 cítase o "Comes dompnus Fernandus in Traua et in Aranga et in Monteroso". *Ibid.*, docs. 250 e 261, p. 284 e 292.
 11. Nunha venda celebrada o 1 de marzo de 1171 menciónase o "princeps ipsius terre Petrus Munionis, qui tenebat Aranga et suus uicarius Froilla Roderici". *Ibid.*, doc. 172, p. 218.
 12. Ruy Méndez, veciño de Betanzos, "oio dezir que derrocaran la fortaleza de Aranga que hera de los Vilarullo"; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., *Las fortalezas de la Mitra compostelana y los "irmandiños"*, A Coruña, 1984, t. II, p. 416.
 13. García Mexía, veciño de Santa Baia de Curtis, indica "que vido que de la fortaleza de Aranga que hera del conde de Monte Rey salieron uno que se llamaba Fernan Batalla y otro que se llamaba Ruy Ballon y otro que se llamaba Afonso Cao y Joan do Pereiro que heran malhechores y fueran de alli al Bal de Barzia y mataran uno que se dezia Fernan Pardo y después el dicho Fernan Batalla matara con una ballesta a Joan Garçia Barba, señor de la casa de Figueroa". *Ibid.*, t. II, p. 432.
 14. GUTIERREZ GONZÁLEZ, J.A., *Fortificaciones y feudalismo en el origen y formación del reino leonés (siglos IX-XIII)*, Valladolid, 1995, p. 41-43.
 15. [S. XI-XII]. Nunha relación dos termos do condado de Sobrado—"confirmati a serenissimus principibus Ordonio rege et Ranemiro rege et matre eius Tharasia regina"—menciónase "o castello de Aranga cum suo mandamento"; LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P., *Tumbos del monasterio de Sobrado...*, op. cit., t. I, doc. 113, p.139.
 16. GUTIERREZ GONZÁLEZ, J.A. *Peñaferruz (Gijón): el Castillo de Curiel y su territorio*, Xixón, 2003, p. 95-110.
 17. FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos medievales de Galicia*, anexo 9 do *Boletín Auriense*, Ourense (1988), p. 197-198.
 18. Desta fortificación Castro López sinala que foi construída sobre unha elevada montaña que, partindo do río Miño, destaca a grande altura, a un quilómetro do lugar de Marce, na parroquia de Vilar de Ortelle. Sería toda de pedra, con muros moi anchos e elevados, conservándose na súa época moi pouco deles por ser reutilizada a súa pedra e destruído o xacemento. Engade que o castro ou castelo de Marce foi de forma circular e que se conservaba a tradición de que sobre os muros que formaban a fortificación podía xirar comodamente un carro. Finalmente defínea como unha "fortificación inexpugnable"; CASTRO LÓPEZ, R., *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelle y su comarca*, Monforte de Lemos, 1929, p. 54.
 19. "Item vobis concedimus Villare, ubi fundata est Ecclesia S. Mariae et S. Mametis ab integro cum ipsa Ecclesia in finibus territori Licimiani inter Arroyo Quenza vocato et concludens per stracta de Castellon et in vadit a Villa Evolati, ubi dicent Ortogi et exit per Arroyo quod discurrit circa illud Castrum et mergitur in Quenza et ipsum Castrum integrum cum edificiis et parietibus cunctis vobis confirmamus". FLÓREZ, E., *España Sagrada*, Madrid, 1796, t. XL, doc. 16, p. 377.
 20. Segundo Rielo Carballo trataríase de Santa Mariña de Eiré, entón de Amboade, en Vilar de Ortelle. RIELO CARBALLO, I., *Pantón: historia e fidalguía*, Santiago de Compostela, 2000, p. 347.
 21. O *Castellum Minei* está situado nun petouto sobre o río Miño, e a desembocadura do mencionado rego da Aguianza está ao sur, a uns trescentos metros.
 22. FLÓREZ, E., *España Sagrada*, op. cit., t. XL, doc. 18, p. 381. Castellá Ferrer na súa viaxe a Compostela, describe desta forma o *Castellum Minei* vinculándoo á fortaleza ou casa de Março: "El vn solar es la Fortaleza de Março, que esta vna legua de los Castellones, adonde se hallo el Marmol, a la parte Occidental en las Riberas del Rio Miño. Algunos dicen es adonde esta vna Torre antigua, con su palacio desmantelado, foso y traueses. Pero lo mas cierto (segun me dixo Don Diego López de Lemos, y lo fuy a ver) es mas abaxo desta Torre cosa de vna milla, adonde esta vna Ermita de San Martin en vn cerro áspero sobre el mismo Rio Miño, adonde parecen vestigios de fortificación antigua. Y la mayor certeza es, que los vestigios están en la cima, y cumbre del Monteuelo, y la Ermita mas abaxo en la ladera, que da a entender, que fue primero la fundación de la fuerza que alli estuuu, que la Ermita, pues la costumbre de fundar las Ermitas en Galicia es en la cumbre de los montes (que se vee oy día) y los que saben de antiguallas aurán notado esto [...]. De la de Março solo ha quedado su torre, no la que estaua junto a la Ermita de San Martín (que esta está derribada por los cimientos) sino la otra que digo está mas arriba con su palacio, permanece della la fama de lo que fue, posee la aura Rodrigo de Quiroga"; CASTELLÁ FERRER, M., *Historia del Apóstol de Iesus Christo Santiago Zebedeo, Patrón y Capitan General de las Españas*, [Madrid, 1610], fols. 144-145; cit. VAZQUEZ SEIJAS, M., *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. II Lugo, 1959, p. 238.
- O lugar de *Portum Abbatis* atópase na veciña freguesía de Santo André de Ribeiras de Miño e a igrexa de San Román correspóndese co antigo templo de San Román de Vilar de Ortelle; RIELO CARBALLO, I., *Pantón: historia e fidalguía*, op. cit., p. 347.
- A igrexa de San Martiño sitúase, como xa temos indicado, nas inmediacións desta fortificación. No seu estudo sobre a parroquia de Vilar de Ortelle, Castro López indica que xunto ao *Castellum Minei* houbo unha ermida dedicada a san Martiño e no Pedregal houbo un poboado, e os seus veciños subían oír misa a esta ermida; CASTRO LÓPEZ, R. *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Vilar...*, op. cit., p. 55. Rielo Carballo engade que foi ordenado o derrubamento desta ermida no ano 1737 a causa do seu lamentable estado de conservación; RIELO CARBALLO, I., *Pantón: historia e fidalguía*, op. cit., p. 355.
23. FLÓREZ, E., *España Sagrada*, op. cit., t. XL, doc. 19, p. 388.
 24. "Circa Castro de Mineo Villa de Pelagos, hereditate de Ostofredo integram pariauit Asala Leovigildi hereditati, quam

nobis incartavit Zatoj et sua mulier". FLÓREZ, E. *España Sagrada*, op. cit., t. XL, doc. 24, p. 407.

25. Concretamente Afonso VII engade a doazón da herdade de San Sadurniño, situada "in Castello Ripa Minei"; SÁNCHEZ BELDA, L., *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia: Catálogo de los conservados en la sección de Clero del Archivo Histórico Nacional*, Madrid, 1953, doc. 213, p. 103. A herdade de San Sadurniño citada no texto podería corresponder ao lugar de San Sadurniño, da parroquia de San Sadurniño de Piñeiro, no concello do Saviñao.
26. Nesa data o rei Fernando II de León concédelle á catedral lucense e ao seu bispo Xoán o privilexio de couto para o mosteiro de Santo Estevo de Atán: "Monasterium de sancto Stephano de Atan sicut ego inveni incautum in testamentis, quibus aui mei ecclesie vestre, illud incautauerunt, uidelicet per tales terminos, per iuxta stratam publicam, que decurrit at portum Palubarium, indeque deducitur ad ipsas mamolas, ubi oritur ipse Arrogio, quem dicunt Sicum, proceditque inde in Aziuetum; et inde per molendinum de Uilla Marci et perducitur eundem arrogium in flumine uocato Aguenza, excluditur tamen ipsum canale, quod spectat ad castellum Minei per ipsum flumen in directum intrat in Mineum, excepto canali regalengo et inde ad portum Maurulium; et inde recta linea per medium fluium Minei, cum suis piscariis integris et molendonorum sessionibus, concludens medietatem fluminis usque in Arrogium, concludens ipsas piscarias integras. Inde per ipsum Arrogium cum suo uillari integro, usque in stratam publicam, que prouehitur ad portum Palubarium concludens"; RECUERO ASTRAY, M., ROMERO PORTILLA, P. e RODRIGUEZ PRIETO, M.A., *Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*, A Coruña, 2000, doc. 61, p. 75-77.
Neste documento citase por primeira vez a "Uilla Marci" pero, en cambio, vemos repetidos e outra vez utilizados como fitos territoriais topónimos antigos que xa temos atopado na documentación altomedieval. Así, citase o "flumine uocato Aguenza", que se corresponde co "Arroyo Quenza uocato" mencionado no primeiro documento comentado, rego que entra en forma de impresionante cascada nas augas do río Miño.
27. Castro López informa do achado de "restos de piedra amontonada, molinos de mano, pedazos de teja y ladrillo". CASTRO LOPEZ, R., *Reseña histórica descriptiva de la parroquia de Vilar...*, op. cit., p. 54.
28. Segundo Castro López "su situación fue muy estratégica por cuanto se halla en el punto más interesante para la vigilancia y defensa del llamado Porto de Chouzán, denominado Porto Monsulio". *Ibid.*, p. 54. Aínda hoxe se conserva o topónimo "Porto" nas proximidades do *Castellum Minei*, chegando a el un vello camiño empedrado de probable orixe medieval. Sobre a antigüidade desta vía de comunicación -denominada *antiqua carraria*- pode consultarse FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos medievales de Galicia*, op. cit., p. 229.
29. "El rey Alfonso menospreció el poder de San Rosendo al edificar con buenos sillares el castillo de Birreto, dentro del coto del monasterio, y se lo dio a aquel que distribuyó también a sus caballeros casi toda la heredad del monasterio para que lo sirvieran. Sucedido esto, el abad Pelagio, sobrino del abad Ficarío, con algunos monjes abandonó el monasterio por tanta persecución, y se dirigió al rey Fernando, que lo trató amablemente y le entregó el monasterio de Samos [...]. Después el castillo de Birreto, que se dice que estuvo en pie por dos años desde que empezó a edificarse, fue destruido por

orden del rey Fernando, y el abad recuperó plenamente todos sus derechos sobre las propiedades de Celanova. En este castillo, mientras estuvo en pie, nadie pudo oír las campanas del monasterio que eran oídas antes y después. El conde Velasco, que habla sido el máximo responsable de tan perversa acción, no mucho después lo vimos abatido con sus cómplices, sin que tuviera donde reclinar la cabeza. También su merino, llamado Alfonso Bos, que había causado muchos males un tiempo antes, reventó"; *Ordoño de Celanova. Vida y milagros de San Rosendo*, edición de DÍAZ Y DÍAZ, M.C., PARDO GÓMEZ, M.V. y VILARIÑO PINTOS, D., A Coruña, 1990, p. 187-193.

30. "Et alia hereditate qui fuit de tio meo Medoma et comparavit ea de sua mulier Adosinda vel de edificiiis suis pro renovo que habuerunt a dare Adosinda Armentariz, et iacet ipsa villa territorio Arnogie subtus castro Berreto villa que vocitant Alvarini inter termino de Sancta Eulalia et de alta parte dividet de Sautomeri sive cum Tructini vel Monumenta per suos terminos antiquiores [...]. Illa alia que desursum resonat do vobis pro vestro renovo que ego obtinui in vestra deganea de Sancta Eolalia"; ANDRADE CERNADAS, J.M., *O Tombo de Celanova*, Santiago de Compostela, 1995, t. I, doc. 353, p. 509-510.
31. *Idem*, t. I, doc. 359, p. 515.
32. Así, o 16 de outubro de 1473 o abade de Celanova -Álvoro de Oca- aforoulle a Álvaro González e á súa muller o lugar de Cabanas "que ha oveença de Santa Vaya como se parte de huun cabo perla pena do Castillo a dereito ao Amy[er]al de Sisto et [sic] perla riba de Lodeiros ao dereito ao río de Cou-selo et [sic] dende a fonte das Donas et [sic] dende Penas Agudas et [sic] dende porto de Boys por seydo daquel cabo et [sic] dende perlo río afesto a Porquariça et [sic] dende a Cavada de Pero da Roda, do canto da cavada de Pedro da Roda ao caminno que ven da Santa Vaya con o seydo para o salgeiro de Meen Garcia"; VAQUERO DIAZ, M.B., *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*, Santiago de Compostela, 2004, t. II, doc. 629, p. 316-317; o 5 de marzo de 1482, estando "cabo do castro de Berredo onde chaman a Lama da Nugeira", Afonso Betote reclamou ante "Pero Roubon, alcalde da Hermandade do val de Çelanova, et Fernan de Çiroos, alcalde da Sorgia et Berredo", a propiedade dun monte que estaba "eno couto de Berredo"; *idem*, t. II, doc. 734, p. 495.
33. Unha orixe castrexa deféndeas OREIRO GRANDAL, L., "Os castros da Terra de Celanova: Castromao como paradigma", en *Arqueoloxía prehistórica na Terra de Celanova*, Celanova, 2001, p. 155.
34. Ferreira Priegue comenta a existencia dunha antiquísima vía cuxo principal fito era o mosteiro de San Salvador de Celanova. Saía probablemente do porto de Filgueira -no río Miño- e pasaría por Refoxos, Fustáns, Oucella, Fontecabra, Penosíños, Casaldomato e o mosteiro de Ramirás, onde se bifurcaba, continuando un dos ramais por Mosteiro, Rubiás, Vilaboa, Acevedo do Río, Hermide, Celanova, O Burgo, Moreira, San Lourenzo de Cañón, Santa María de Ansemil, San Munio de Veiga, Castro, San Martiño de Berredo e Morgade. Rodeaba despois precisamente o castro de Berredo para pasar por San Miguel de Berredo, Paradavedra, Seoane, Rodicio, o mosteiro de San Martiño de Pazó, para rematar entrando en Allariz pola ermida da Madalena, FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos medievales de Galicia*, op. cit., p. 169-170. Unha segunda vía, alternativa á anterior pero igual de antiga, apártase da primeira a uns dous quilómetros de San Munio de Veiga e vai a Santa Baia de Berredo e Fruime, retornando á principal precisamente ao pé do castro de Berredo; *idem*, p. 170.

35. ANDRADE CERNADAS, J. M., *O Tombo de Celanova, op. cit.*, t. I, doc. 88, p. 134-135.
36. *Idem*, t. I, doc. 260, p. 371.
37. Sancho Velascoz e a súa muller véndenlle a Gemondo Vimaraz a súa herdade en San Miguel de Orga: "Hereditate nostra propria quam abemus de ganantia vestra in villa de Orga, territorio Sorice subtus monte castro Berreto, discurrente rivulo iam dicta Sorice, ecclesie vocabulo Sanctus Michael"; *Idem*, t. I, doc. 253, p. 359.
38. "In Bisredo ecclesia sancto Michael medio, sancto Mamete medio. In Pinniriario sancto Martino medio, et quomodo est divisio per kastrum de Bisredo"; *Idem*, t. I, doc. 260, p. 371.
39. VAQUERO DIAZ, M. B., *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova... op. cit.*, t. II, doc. 734, p. 495.
40. O 9 de xuño de 1037 o rei Vermudo III concédelle ao mosteiro de Celanova os "homines in circuitu ipsius monasterii", que é delimitado no propio diploma: "Idest quomodo levat se per castro quod vocitant Bisreto"; ANDRADE CERNADAS, J. M., *O Tombo de Celanova, op. cit.*, t. I, doc. 29, p. 56.
41. O 10 de xuño de 1056 Fernando I dóalle ao mosteiro de Celanova todos os "debitum vel fiscalia" que os seus antecesores tiñan nun espazo delimitado en torno a Celanova: "Id est ramos, omicidios vel cuncta imperia vel honorem regis per terminis et limitibus certis, quomodo se levat de castro quod dicunt Bisreto [...] et inde ad castro Bisreto unde primitur inchoavimus"; *idem*, t. I, doc. 6, p. 24-25.
42. "El vértice no tiene castillo, pero sí señales [en] peña viva que allí hubo puerta"; SARMIENTO, Fr. M., *Viaje a Galicia (1745)*, edición e estudo de PENSADO, J. L., Pontevedra, 1975, p. 144.
43. FERNÁNDEZ IBÁÑEZ, C. et al., "Un 'Tablero de Juego' de época medieval grabado en 'O Castelo da Raiña Loba' (Ourense)", *Castrelos*, 9-10, p. 153; VIQUEIRA BARRIO, V., *El Castrum Lupariae: folleto histórico de la Byrxa o Torre de Lobeira en el Valle de Salnés, Vilagarcía*, 1960, p. 53-54.
44. "Damus, atque concedimus, tibi abbati Guntado, & successoribus tuis, qui in monasterio sancti Salvatoris post te futuri sunt, & fratribus tuis praesentibus & futuris, cautum, & libertatem, & solutionem, tam de omni parte nostra regia, quam etiam de omni parte & voce episcopali in sede Itriensi, & loco apostolico, et ipsum monasterium sancti Salvatoris, in loco qui vocatur Spinareto, circa fluvium quem vocitant Lerlelz, cautamus & absolvimus ab omni debito, & fisco regali, & episcopali in perpetuum, ad honorem sanctissimi Salvatoris Domini nostri Jesu Christi Filii Dei vivi, & sanctissimae Mariae semper Virginis, & sanctorum Michaelis archangeli, & incliti atque sanctissimi Jacobi apostoli, s. Tirsi, s. Laurentii, s. Mametis, s. Martini episcopi, sanctae Mariae Magdaleneae, sanctae Engratae, & omnium sanctorum Dei, quorum sacrosanctae reliquiae in ipso monasterio recon-
- ditae esse creduntur. in primis ponimus cautum per Portum de Elva, & inde per terminos de Guigilde, & inde ad Petram scriptam, quae est in muro de Citofacta & inde per marcos de Campella, & inde per aquam de Soveira Lamosa, & inde per illum auterium inter terminos de Gatomorto, & de Canoso, et inde ad portum de rio de Couso via publica, & inde ad in prono ubi se miscet ipse fluvius de Causso in flumine de Lerlelz, & inde per armatam de Castineira, & per illa anta que stat in illo fontano de Villa Verde: & inde per medium flumen de Lerlelz usque vadit ad illum locum ubi intrat flumen Elva in flumen Lerlelz, & inde per portum de Sena, & inde ad portum de Eiva unde primitus inchoavimus. auctoritate nostra firmamus istos cautos"; FLÓREZ, E., *España Sagrada, op. cit.*, Madrid, 1765, t. 19, doc. 16, 354-358.
45. "Et sunt de ecclesario, id sunt Serpenciones, Godegildi, Anserizi, uilla de Fonte, Sancta Maria de Elva, Sancta Maria de Maurenti"; LUCAS ÁLVAREZ, M., *Tombo A de la Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, 1998, doc. 61, p. 148.
46. O 1 de maio de 1278 os cregos reitores da igrexa de San Vincenzo de Cerponzóns concédenlle a Diego Pérez de Vascoes de Meó o foro da herdade dos Tallos, na Veiga de Vascoes de Susto, a cortiña de Coirado e a herdade da Fonte. "infra castellum de Cedofeita"; MIRAMONTES CASTRO, M., "Catálogo da documentación medieval do Museo de Pontevedra", *El Museo de Pontevedra*, t. L (1996), doc. 900, p. 321.
47. VASCO DE APONTE, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* (Introducción e edición crítica con notas polo Equipo de Investigación "Galicia hasta el 1500"), Santiago de Compostela, 1986, p. 250-251. Nesta narración aparece baixo a denominación de "castelo de La Trinidad" aínda que non cabe dúbida da súa correspondencia; *idem*, p. 108, nota 10.
48. FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos medievales de Galicia, op. cit.*, p. 99-104 e 115-117.
No ano 1423 afórase unha viña "eno burgo d'aalem [...] et vem ferir con sua porta aa congostra publica que vai de Ponte Vedra para Santiago", cit. *idem*, p. 101, nota 173.
49. RECUERO ASTRAY, M., ROMERO PORTILLA, P. e RODRIGUEZ PRIETO, M^a.A., *Documentos medievales del Reino de Galicia ... op. cit.*, doc. 123, p. 152-153.
50. O 8 de marzo de 1297 Mencía GómeZ dóalle á súa sobriña todas as rendas que percibía en Cedofeita MIRAMONTES CASTRO, M., "Catálogo da documentación medieval do Museo...", *op. cit.*, doc. 437, p. 217-218.
51. O 21 de setembro de 1418 prodúcese unha pescuda a instancias do mosteiro de San Xoán de Poio, asinando o documento final "Nuno Ferrandes, tirado das notas de Ruy Ferrandes, notario de Terra de Cedofeita"; *idem*, doc. 488, p. 230.